

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (escusa a non asistencia)

Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos (substitúeo como Presidente)

José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Francisco Javier Maneiro Porto, posto base de PAS (Secretario)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO)

Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

María Fariza Novoa (CCOO)

José Santiago Santos García (UXT)

Xoan Cebro Rodríguez (CIG)

Acta da reunión celebrada ás 10:15 horas do 30 de xullo de 2013, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta do 19 de abril de 2013.
2. Proposta de convocatorias para as categorías de T.E. de Calidade Ambiental e Histoloxía e T.E. Actividades do Medio Mariño.
3. Rogos e preguntas.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 19 DE ABRIL DE 2013.

Apróbase a acta por unanimidade.

2. PROPOSTA DE CONVOCATORIAS PARA AS CATEGORÍAS DE T.E. DE CALIDADE AMBIENTAL E HISTOLOXÍA E T.E. DE ACTIVIDADES DO MEDIO MARIÑO.

Manuel Marcos pregunta polo horario a realizar e polo réxime de dispoñibilidade, xa que a redacción parece confusa (base sexta); o Vicexerente de Recursos Humanos explica que esta base contén un erro, e que a quenda de traballo para ambos técnicos será de mañá. A parte social pregunta o porqué e o Vicexerente responde que segundo o pedimento do Director da ECIMAT, se pretende dotar as tres áreas principais de actividade dese centro con 1 técnico superior e 1 técnico especialista cada unha, tendo os primeiros quenda de mañá e tarde e os técnicos especialistas quenda de mañá.

No relativo á dispoñibilidade, o Vicexerente explica que debe eliminarse a expresión “fóra do horario ordinario”.

A parte social bota en falta que non se achegase a esta comisión unha memoria explicativa da necesidade destas prazas.

Manuel Marcos pregunta sobre a posibilidade prevista nas bases de realizar as probas na mesma data. Para eliminar calquera incidencia José Viña propón que se contemple unha única proba constituída por dúas partes, unha teórica e outra práctica, que poderán realizarse na mesma data a criterio da Comisión de Valoración. O Vicexerente explica que isto planteouse na praza de Técnico Superior Veterinario e se autorizou, dado o escaso número de participantes e para causarlles menos prexuízos de desprazamentos.

Ángel Torreiro comenta que non está de acordo en que se realicen estas convocatorias porque se podería acudir as listas de espera de Técnico Especialista de Bioloxía o de Cultivos Mariños. O Vicexerente indica que son perfís profesionais diferentes con requisitos tamén diferentes, como é a titulación de mergullador e de patrón. Ángel Torreiro non considera que se deba esixir tales titulacións.

Luis Pérez considera que é unha contradición que non estea de acordo con que se esixan estas dúas titulacións cando nas prazas da categoría de técnico especialista en transporte e distribución se esixiron ás persoas aspirantes permisos de circulación específicos.

Luis Pérez comenta que non atopa diferencias nas funcións das dúas prazas e polo tanto non entende a diferente denominación que se lle dá as mesmas. A única diferenza que atopa é a esixencia da titulación de mergullador profesional segunda clase restrinxida ou superior e patrón de embarcacións de lecer ou superior que se piden na categoría de técnico especialista de actividades do medio mariño, pero que en todo caso a denominación “medio mariño” é unha categoría máis ampla ca da outra praza xa convocada “cultivos mariños”, que quedaría englobada nesta.

A parte social tamén pregunta cal é a retribución destas prazas, pois na base sexta se contempla a dun Grupo III pero dentro deste grupo hai distintos tipos de retribucións. O Vicexerente responde que serán ás dun técnico especialista de laboratorio, e José Viña propón que así se reflicta na convocatoria: “...As condicións de traballo e retribucións serán as determinadas para o Grupo III (Técnicos Especialistas de Laboratorio),...”.

3. ROGOS E PREGUNTAS.

Ángel Torreiro solicita información ao Vicexerente sobre o curso para os TE de Animalario, o Vicexerente explica que segue pendente de que a Consellería de Medio Rural o autorice; que os organizadores manexan como posibles datas de inicio as de finais do mes de outubro, pero segue habendo bastante definición ao respecto.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 11:15 horas, da que como Secretario redacto esta acta.